

# CORREDORA

Laura García Alonso, 2026


# 1757

ESTREA EN NUMAX: 29.05.2026 | V.O.S.E. | 96 min

Cris, unha corredora de elite, sofre un brote psicótico que a obriga a afastarse da alta competición. Non todos ao seu carón poderán ou saberán como axudala pero Natalia, a súa irmá, será o seu refuxio para aceptar a súa condición e redefinir o seu ritmo de vida.

«O interesante desta opera prima é a súa vontade por fuxir da narrativa do triunfo asociada á épica deportiva»

Enric Alberó, EL ESPAÑOL



## Entrevista con Laura García Alonso: «A película busca que nos preguntemos como tratarnos mellor a nivel mental e emocional»

Por Daniel Mantilla

**As primeiras películas sempre son moi intensas e moi complexas. Foi o caso de *Corredora*? Si.** Foi un proceso moi longo, pero teño que dicir que foi máis longo pola miña culpa que porque o financiamento tardase en chegar ou porque desde a produción houbera demoras. O coguionista Pol Cortecans e máis eu tomámonos bastante tempo no desenvolvemento do guión. Esta película era un reto moi grande para nós. Queríamos tratar un tema moi complexo e queríamos facelo con arestas e para iso necesitabamos moito tempo. Pero é verdade que foi difícil porque é a primeira película, e aí sentes un reto, un medo e un abismo importante. O cásting foi un proceso longo tamén. Atopamos a Alba a un ano de rodar porque queríamos que tivese tempo para adestrar sen que fose lesivo. Necesitaba facer as cousas con tempo para poder chegar en condicións á rodaxe e ademais quería permitirme o luxo, e é algo que as produtoras me permitiron facer, de preparar o personaxe con moito tempo para que chegásemos moi seguras á rodaxe grazas a todo o traballo previo que fixeramos. Ao final o personaxe era moi complexo, porque é unha moza que sofre un brote psicótico, dos que hai moitos tipos, diferentes experiencias, diferentes xeitos de vivilo e tiñamos que atopar o xeito que máis nos interesaba retratar.

**Facer unha película como *Corredora* representa unha oportunidade de falar da saúde mental. Ti entras en Instagram, entras en TikTok e todo o mundo está a falar disto, moitas veces dunha forma un pouco irresponsable e sentenciando.** A película chega ao comezo dunha vontade de cambio e iso é moi chulo. Cada vez se fala máis e mellor sobre o tema, pero non é suficiente e ás veces faise dun xeito en exceso xeneralizado. Faime feliz porque unha das intencións precisamente da película é que se fale e preguntarnos ao noso xeito se hai algo que podemos facer para tratarnos un pouco mellor a nivel mental e emocional. Sobre todo o que máis me gustaría é que puidese iniciar un debate sobre como miramos, as persoas que non sufrimos ningún tipo de trastorno, cara aos que si que sofren un trastorno mental grave, tipo esquizofrenia, trastorno bipolar... dá igual o nome e a etiqueta, calquera trastorno mental grave que lles faga vivir a vida con maior complexidade.

**Hai diferentes versións de *Corredora* no teu computador? Como foi dar coa tecla exacta do que querías contar coa túa película?** Unha das aprendizaxes que levo de facer a miña primeira película é que a película nunca se deixa de atopar. Vaise atopando permanentemente, vas descubrindo facéndoa, vas descubrindo cousas novas e novos significados. A montaxe é tan dúctil que me resultaba contraproducente obsesionarme cunha idea moi férrea do que tiñan que ser as cousas. Hai que ser porosa e hai que escoitar moito os teus actores, que son os que van encarnar eses personaxes e os que van dicir eses textos. Traballar con eles foi increíble porque moitas das secuencias reescribímolos tras ter conversas, improvisacións e ensaios con eles. Este nivel de creación colectiva como directora foi increíble e foi un luxo. É algo que só se consegue con actores con moitísimo talento, moita xenerosidade e moita creatividade como son Àlex, Marina e Alba.

Publicado en kinotico.es